

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 4189** *Corrección de erros do Real decreto 255/2013, do 12 de abril, polo que se establecen a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar e polo que se modifican diversas normas relativas ao ámbito e constitución da dita demarcación hidrográfica e da Confederación Hidrográfica do Xúcar.*

Advertido un erro no Real decreto 255/2013, do 12 de abril, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar e polo que se modifican diversas normas relativas ao ámbito e constitución da dita demarcación hidrográfica e da Confederación Hidrográfica do Xúcar, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 89, do 13 de abril de 2013, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 4, na fórmula promulgatoria, onde di: «Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, o Consello de Estado...», debe dicir: «Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado...».